



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 – concello@concellodechantada.org

ACTA DA SESIÓN ORGANIZATIVA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 02 DE XULLO DE 2019

Na dependencia habilitada na Casa da Cultura de Chantada como salón de sesións do Concello, o día dous de xullo de dous mil dezanove, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar a sesión prevista no art. 38 do ROF, convocada para as nove horas e trinta minutos de dito día. A sesión comeza ás 09:30.

Preside o Sr. Alcalde: D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez (Grupo de P.P.).

ASISTEN:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal PARTIDO POPULAR: D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, D. Manuel Diéguez Carballo, Dna. M^a Cándida Carnero Blanco, D. Diego Otero Veiga, Dna. Pamela Fernández Águila, D. Juan Alberto Diéguez Fernández e dona Concepción Fernández López.

Grupo municipal SOCIALISTA: Dna. Raquel López Rodríguez, D. José Luis Vázquez Hermida, Dna. María Varela Rodríguez e don Daniel Gómez Fernández-Camiñas.

Grupo municipal de Por Chantada-Cup: Dona Cruz Fernández Rodríguez.

Secretaria: D^a María Yebra-Pimentel López, que dá fe do acto.

Interventora: María Cristina González Santin.

Non asiste, por causa xustificada, D. Antón Fente Parada (**Grupo municipal de Por Chantada-CUP**).

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da

ORDE DO DÍA:

1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CONSTITUTIVA DO 15 DE XUÑO DE 2019.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. En consecuencia, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión constitutiva da Corporación municipal, do 15 de xuño de 2019.

2. DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS, DOS SEUS INTEGRANTES E PORTAVOCES.

Dáse conta ao Pleno, para os efectos do previsto no art.25 do ROF, de que se presentaron na Secretaría Xeral da Corporación municipal, de acordo co art. 24 de dita norma, os escritos



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 – concello@concellodechantada.org

correspondentes asinados por tódolos integrantes dos mesmos, para a constitución dos Grupos políticos municipais, canle para a actuación corporativa dos membros da Corporación municipal, segundo dispoñen o art. 73.3 da Lei 7/1985 e o art.23 do ROF.

De resultas de ditos escritos os Grupos políticos que se constitúen no Concello de Chantada, son os que figuran a continuación cos seus integrantes e portavoces:

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Integrantes:

D. Manuel Lorenzo Varela Rguez.

D. Manuel Diéguez Carballo.

D^a. M^a Cándida Carnero Blanco

D. Diego Otero Veiga.

D^a. Pamela Fdez. Águila.

D. Juan Alberto Diéguez Fernández.

D^a. Concepción Fernández López.

Portavoz: Titular: D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez. Suplente: D. Manuel Diéguez Carballo.

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.

Integrantes:

Raquel López Rodríguez

José Luis Vázquez Hermida

María Varela Rodríguez

Daniel Gómez Fernández-Camiñas

Portavoz: Titular: Dna. Raquel López Rodríguez. Suplente: Don Daniel Gómez Fernández-Camiñas.



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 – concello@concellodechantada.org

GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA-CUP.

Integrante:

D. Antom Fente Parada

D^a Cruz Fernández Rodríguez

Portavoz: don Antón Fente Parada, Suplente: dona Cruz Fernández Rodríguez

O Pleno municipal queda informado.

3. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

En base á proposta do expediente da sesión, o Pleno, por 7 votos a favor do grupo Municipal do Partido Popular, 4 votos en contra do Partido Socialista e 1 abastención do Grupo Por Chantada-Cup, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Crear as seguintes Comisións Informativas permanentes no Concello de Chantada:

- 1. Comisión informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas (art. 127.3 do ROF).**
- 2. Comisión informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos.**

SEGUNDO.- Fixar, como composición das mesmas, un número de **sete membros** para cada unha, catro do Grupo P.P, dous do Grupo Socialista, e un do Grupo Por Chantada-CUP, que corresponde decidir a cada Grupo.

4. FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E COMISIÓNS INFORMATIVAS.

En base á proposta do expediente da sesión, tralo debate habido sobre ela, someteouse a votación a emenda presentada polo Partido Socialista con Re 2334/2019, que é sometida a votación e foi rexeitada co seguinte resultado: a favor da emenda Partido Socialista (4) e o Grupo Por Chantada-Cup (1) e en contra da emenda Partido Popular (7).

O Pleno, por 7 votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular e os votos en contra do Partido Socialista (4) e o Grupo Por Chantada-Cup (1), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- A periodicidade do Pleno ordinario será dunha sesión cada dous meses. cúmprese co previsto no art. 46.2.a) da Lei 7/1985, correspondéndose co cuarto xoves dos meses impares. Prevese como hora de convocatoria a as nove horas e trinta minutos (9:30 h da mañá).



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 – concello@concellodechantada.org

SEGUNDO.- A periodicidade da **Comisión informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas** así como a da **Comisión informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos**, serán dunha sesión cada dous meses, correspondéndose co cuarto luns dos meses impares. Prevese como hora de convocatoria para a **Comisión informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas: as nove horas e trinta minutos (9:30 da mañá)** e para a **Comisión informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos: as dez horas (10:00 h da mañá)**. cúmprese co previsto no art. 46.2.a) da Lei 7/1985.

TERCEIRO.- Os efectos de adaptar a periodicidade das sesións ó estado de tramitación dos asuntos municipais de competencia de Pleno, poderase **adiantar ou retrasar** as sesións citadas no punto primeiro e segundo da presente coa marxe dunha semana.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

“Intervén a portavoz do PSOE para solicitarlle ao Alcalde que explique o motivo do cambio do Pleno para as 9.30 da mañá.

Intervén o Señor Alcalde para sinalar que se decidiu entre todos e que é provisional, que se vai començar facendoo así, pero que se pode acceder ao cambio cando se estime oportuno.

Intevén a Portavoz do PSOE para sinalar que este horario é inadmisibile, que fixar así o Pleno imposibilita que os veciños podan acudir e non favorece a vida política do Concello, xa que obstaculiza a asistencia dos membros da oposición, pois deben cumprir coa vida laboral. Pide que se rectifique e por eso presentan a enmenda.

Intevén o Sr. Alcalde para indicar que parece mentira que se digan esas cousas, xa que normalmente ao Pleno asisten tres ou catro persoas, que ao público non lle ten medo ningún e que non hai rodillo ningún, o rodillo aplícano vostedes. Indica que non se pode falar das dedicacións co que teñen vostedes en outros concellos.

Daselle a palabra a Dona Cruz Fernández Rodríguez que declina facer ningunha intervención”.

5. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS E ENTIDADES.

Vista a proposta do expediente da sesión, o Pleno, por 7 votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular e os votos en contra do Partido Socialista (4) e o Grupo Por Chantada-Cup (1), adopta o seguinte



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 – concello@concellodechantada.org

ACORDO

A representación municipal nos diversos órganos e entidades nos que ten representación ou dos que forma parte o Concello de Chantada, será a seguinte:

A) ÓRGANOS.-

3. De funcionamento no propio Concello:

- Mesa Local do Comercio. Representante art.5.c) do Decreto 183/2011: Dna.Pamela Fernández Águila.

4. De funcionamento alleo ao Concello:

- Consello Escolar do I.E.S. Lamas das Quendas, D. Manuel Diéguez Carballo.
- Consello Escolar do I.E.S. Val do Asma, Dona Candida Carnero Blanco.
- Consello Escolar do CEIP Xoán de Requeixo, Dna. Pamela Fernández Águila.
- Consello Escolar do CEIP Eloísa Rivadulla, Dna. Concepción Fernández López
- Consello Escolar da Escola Infantil “Galiña Azul”, Dna. Concepción Fernández López e a Traballadora Social.

c) Entidades:

- Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, o Sr. Alcalde Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.
- Consorcio de Bombeiros, o Sr, Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.
- G.D.R., o Sr, Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.
- Asociación de Municipios do Camiño de Inverno, don Diego Otero Veiga.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

“Intervén a portavoz do PSOE para dicir que un exemplo de rodillo é o desprezo á oposición. A pesar de que non tivo a maioría de votos non consinte que ningún que non sexa do seu grupo o represente o Concello, que sempre se insiste na colaboración, pero os feitos son estes e sinala exemplos de outros concellos que, aínda tendo maioría absoluta permiten participar aos grupos da oposición.

Intervén o Alcalde para dicir que a representación neste tipo de órganos non conleva retribución económica algunha e implican obrigas de asistencia, se vostedes din que deben cumprir coas obrigas laborais, non poderán acodir. Indica ademáis, que se queren, cando lle



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 – concello@concellodechantada.org

toque a él poden delegar en algúen da oposición, o que hai é que ter gana de traballar á hora que sea.”

6. RÉXIME DE DEDICACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL, E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS CORPORATIVAS.

Vista a proposta do expediente da sesión, o Pleno, por 7 votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular e os votos en contra do Partido Socialista (4) e o Grupo Por Chantada-Cup (1), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Fixar as seguintes dedicacións parciais:

Concelleiro de Deportes; Emprego; Patrimonio e Infraestruturas 26,600,00 € brutos anuais, repartidos en 14 pagas, cunha dedicación de 30 horas semanais. Esta dedicación actualizarase de acordo coa lei de presupostos xerais do Estado.

SEGUNDO.- Considerando a natureza das competencias delegadas na Xunta de Goberno Local e especial responsabilidade que conleva o seu desempeño, fixar a percepción por asistencias a Órganos colexiados, que lles corresponde aos membros da Corporación sen dedicación exclusiva ou parcial, en 250,00 € por sesión da Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO.- Fixar a percepción de asistencia ó Pleno en 150,00 € e de 100,00 € por sesión das Comisións Informativas.

CUARTO.- Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos ocasionados no exercicio do cargo (dietas e locomoción) segundo as normas que se aplican aos funcionarios públicos, con asimilación ao grupo 1 do Real Decreto 462/2002.

QUINTO.- Asignar aos Grupos políticos municipais a seguinte dotación económica:

Compoñente fixo: 100,00 € por mes. Idéntico para tódolos Grupos.

Compoñente variable: 50,00 € por membro do Grupo e mes.

Neste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Intervén a Portavoz do PSOE para indicar que todos sabemos que cobra do Senado, que cobrar asistencias é legal e pregunta se as vai cobrar. O Alcalde responde que si. A Portavoz do PSOE continúa para indicar que a adicación non está xustificada debidamente, que a cantidade que se contempla é ofensiva para un sitio coma Chantada. Que a cantidade fixada para as asistencias da Xunta de Goberno Local é excesiva, que supón unha suba de máis do 300%.

Intervén o Alcalde e resalta a baixada na dedicación exclusiva, sinalando que se poderían ter 6 dedicacións parciais e que só ten unha, que non fale de economía. Continúa e xustifica a dedicación no traballo que fai o concelleiro que a desempeñará.



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 – concello@concellodechantada.org

Intevén Cruz Fernández Rodríguez, para solicitar que na Xunta de Goberno Local debería haber algún membro da oposición”.

7. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS EFECTUADAS.

Dáse conta da seguinte Resolución da Alcaldía, de 27 de xuño de 2019.

.- “Resolución da Alcaldía

Expediente nº: G - 686/2019

ASUNTO: NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS ESPECIAIS DE SERVIZOS

En sesión celebrada o día 15 de xuño de 2019 quedou constituída a Corporación municipal xurdida das eleccións locais celebradas o 26 de maio de 2019, e foi elixido Alcalde quen acorda o que neste Decreto se dispón para configurar o goberno, organización e xestión do Concello de Chantada no novo mandato corporativo.

En uso, para iso, das atribucións que á Alcaldía-Presidencia corresponden e a teor do disposto nos artigos 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e nos artigos 43, 44, 46 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros/as, que conformarán dito Órgano xunto co Sr.Alcalde que o preside:

- .- D. Manuel Diéguez Carballo.*
- .- Dna. M^a Cándida Carnero Blanco.*
- .- Dna. Pamela Fernández Águila.*
- .- D. Juan Alberto Diéguez Fernández.*

SEGUNDO.- Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros/as, membros da Xunta de Goberno Local, que substituirán regulamentariamente ao Sr.Alcalde pola orde en que son designados:

- 1º Tenente de Alcalde: D. Manuel Diéguez Carballo.*
- 2ª Tenente de Alcalde: Dna. M^a Cándida Carnero Blanco.*
- 3º Tenente de Alcalde: Dna. Pamela Fernández Águila.*
- 4ª Tenente de Alcalde: D. Juan Alberto Diéguez Fernández.*



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 – concello@concellodechantada.org

*TERCEIRO.- Efectuar as **Delegacións** especiais dos **servizos** que se indican. Fanse constar os servizos que non son obxecto de delegación por ser xestión da propia Alcaldía.*

- *Alcalde: Urbanismo; Réxime Interior; Seguridade Cidadá; Relacións Institucionais e Urbanismo.*
- *1º Tenente de Alcalde: Cultura; Promoción Sector Vitivinícola; Novas Tecnoloxías.*
- *2º Tenente de Alcalde: Servizos Sociais e Benestar.*
- *3º Tenente de Alcalde: Turismo; Comercio; Igualdade e Saúde Pública.*
- *4ª Tenente de Alcalde: Desenvolvemento Rural e actividade agrogandeira.*
- *Concelleiro D. Diego Otero Veiga: Deportes; Emprego; Patrimonio e Infraestruturas.*
- *Concelleira Dona Concepción Fernández López: Educación; Xuventude e Parques e Xardíns.*

CUARTO.- As Delegacións especiais recollidas no apartado terceiro da parte dispositiva desta Resolución comprenderán a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non incluírán a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

QUINTO.- Os nomeamentos e delegacións deste Decreto surtirán efectos dende a data do mesmo, sen prexuízo das preceptivas publicación no Boletín Oficial da Provincia e dación de conta ao Pleno.”

8. COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta da seguinte Resolución da Alcaldía, de 27 de xuño de 2019:

“Resolución da Alcaldía

Expediente nº: G - 686/2019

ASUNTO: PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Unha vez nomeados/as os/as integrantes da Xunta de Goberno Local correspondente ao mandato iniciado coas eleccións locais de 26 de maio de 2019, a efectos de funcionamento da mesma, comezando -de acordo co art. 112.1 do ROF- pola súa constitución, e cumprindo co previsto nos parágrafos 2 e 3 do art.112 do ROF, unha vez consultados/as os membros designados para dito Órgano,

RESOLVO



Fixar como día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, o PRIMEIRO E O TERCEIRO XOVES DE CADA MES, ÁS 9:30 HORAS.”

9. COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta da seguinte Resolución da Alcaldía, de 27 de xuño de 2019

.- “Resolución da Alcaldía

Expediente nº: G - 686/2019

ASUNTO: *Delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local*

Nomeados por Decreto da Alcaldía desta mesma data os membros da Xunta de Goberno Local, procede a efectos de dar conta a dito Órgano na súa sesión constitutiva para a súa aceptación regulamentaria, determinar as atribucións propias da Alcaldía que se delegan na Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, de acordo cos artigos 21 e 23 da Lei da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43, 44 e 114 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986, e 13 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común,

RESOLVO

PRIMEIRO.- *Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:*

- 1. Recoñecemento e liquidación de obrigacións económicas, en materia de contratación, legalmente adquiridas.*
- 2. Recoñecemento extraxudicial de crédito, cando existe crédito orzamentario e trátase de gastos realizados durante o exercicio económico.*
- 3. O outorgamento e concesión de subvencións e axudas económicas de todo tipo.*
- 4. Aprobación da oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para os concursos de provisión de postos de traballo.*
- 5. Distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.*
- 6. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*
- 7. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.*



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 – concello@concellodechantada.org

8. *As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.*

9. *As competencias para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento basee de licitación, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.*

10. *A Resolución de expedientes urbanísticos de obras maiores, e outorgamento das licenzas que neles correspondan.*

11. *A Resolución de expedientes de disciplina urbanística, sancionadores, de reposición da Legalidade Urbanística e as ordes de execución a excepción de expedientes de disciplina medio ambiental e de ruína que lle corresponderán á Alcaldía.*

12.- *As autorizacións de dominio público e de utilización de instalacións municipais, as licenzas de vaos, taxis, vehículos de aluguer e animais perigosos.*

13.- *Os convenios con outras Administracións Públicas que non correspondan ó Pleno.*

SEGUNDO.- *Delegar na Xunta de Goberno Local polo Pleno da Corporación as seguintes atribucións:*

1. *A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando non estén previstos nos orzamentos.*

TERCEIRO.- *A delegación efectuada ten efecto dende esta mesma data, para a que foi convocada a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das preceptivas publicación no Boletín Oficial da Provincia e dación de conta ao Pleno.”*

Non habendo máis asuntos a tratar o Sr.Alcalde-Presidente levanta formalmente a sesión sendo as dez horas do expresado día, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde, P.D.

Manuel Diéguez Carballo.